

**EXP. 224/2026**

**M<sup>a</sup> DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA DO  
CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

**CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 10/03/2026 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:**

“.....

**6.2. Convenio de colaboración entre o Concello de Toén e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común A Fenteira de Puga para o financiamento dos gastos de mantemento e funcionamento da antiga escola de Puga e do local social da Picada (Exp. 224/2026)**

Dáse conta do borrador de convenio de colaboración entre o Concello de Toén e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común A Fenteira de Puga, que ten por obxecto regular as bases de colaboración entre ámbalas dúas entidades para o financiamento dos gastos de mantemento e funcionamento da Antiga Escola de Puga e do Local Social da Picada.

Nas bases de execución (base 24<sup>a</sup>, apartado 1) do orzamento do Concello de Toén do exercicio 2026 consta a seguinte subvención nominativa:

<b>CIF</b>	<b>ENTIDADE /FINALIDADE</b>	<b>IMPORTE</b>
V3221521 2	CMVMC A FENTEIRA DE PUGA / Convenio mantemento e funcionamento instalacións de uso veciñal ano 2065	1.200,00 €

Logo de ver o borrador do convenio, a memoria xustificativa e o informe xurídico da Secretaría-Intervención municipal e de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004, publicada no BOP nº 19, do 25/01/2005; a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos/as os/as concelleiros/as que a integran e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 26/06/2023 (BOP nº 154, do 06/07/2023), ACORDA:

*PRIMEIRO.- Aprobar o borrador do Convenio de colaboración entre o Concello de Toén e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común A Fenteira de Puga para o financiamento dos gastos de mantemento e funcionamento da antiga escola de Puga e do local social da Picada que se reproduce como anexo a este acordo.*

*SEGUNDO.- Aprobar o gasto recollido no dito convenio por importe de 1.200,00 €, en concepto de subvención á CMVMC A Fenteira de Puga, con CIF V32215212, baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.1 da Ordenanza reguladora de subvencións deste Concello. A cantidade concedida irá destinada exclusivamente a sufragar os gastos derivados do obxecto do convenio de colaboración. A subvención satisfarase con cargo á aplicación 337.48 do estado de gastos do orzamento municipal do exercicio 2026.*



TERCEIRO.- Facultar ao alcalde para a sinatura do correspondente convenio coa persoa representante da CMVMC A Fenteira de Puga.

#### **ANEXO**

### **'EXP. 224/2026 BORRADOR DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE TOÉN E A COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN A FENTEIRA DE PUGA PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E FUNCIONAMENTO DA ANTIGA ESCOLA DE PUGA E DO LOCAL SOCIAL DA PICADA**

O presente convenio formalízase coa consideración de documento administrativo público para os efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinado polas partes mediante firma electrónica ao amparo do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

#### **INTERVENEN**

Dunha parte, Ricardo González Gómez, con DNI \*\*\*5919\*\*, alcalde do Concello de Toén actuando en nome e representación do Concello de Toén, en virtude do seu cargo.

Doutra, Serafín Rodríguez Domínguez, con DNI \*\*\*9350\*\*, na súa condición de presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común A Fenteira de Puga (CMVMC A Fenteira), con CIF V32215112.

A secretaria-interventora do Concello de Toén, M<sup>a</sup> da Concepción Martínez Taboada, quen fai constar, dado que non existe unidade de acto ao realizarse a sinatura do documento por medios electrónicos, que a función de fe pública prevista no artigo 3.2.i) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos/as funcionarios/as da Administración Local con habilitación de carácter nacional, en relación co disposto no apartado d) da disposición adicional oitava da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, limítase a comprobar a identidade das persoas intervinientes a través da documentación que forma parte do expediente electrónico nº 224/2026. A verificación da validez da sinatura electrónica, da validez e vixencia dos certificados das persoas asinantes e que non houbo modificacións no documento, realízase a través do circuíto de procesamento electrónico do xestor de expedientes Xestiona.

#### **MANIFESTAN:**

**PRIMEIRO.-** Que ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente plena capacidade para a formalización deste convenio.

**SEGUNDO.-** O artigo 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece que as Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos/as veciños/as, facilitaranlles a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades. O artigo 232 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, di que na medida en que o permitan os recursos orzamentarios, o Concello poderá subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos/as veciños/as, tanto polo que se refire a gastos xerais como ás actividades que realicen. O artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúelle aos Concellos a competencia sobre a materia de actividades ou instalacións culturais e deportivas e ocupación do tempo libre.

**TERCEIRO.-** O inmovible da Antiga Escola de Puga (con referencia catastral DF0607000NG88E0001HE e inscrito no inventario de bens municipais –elemento urbano nº 119- aprobado polo Pleno da Corporación na sesión de data 24/03/2011) é de titularidade municipal. As instalacións veñen sendo usadas polas diferentes entidades asociativas da parroquia de Puga, entre elas pola CMVMC A Fenteira, para o desenvolvemento das súas actividades.

**CUARTO.-** O custo da enerxía eléctrica, tanto da propia escola como das instalacións anexas propiedade da CMVMC A Fenteira, veñen sendo asumidas pola dita entidade. O Concello de Toén ten a vontade de compensar economicamente á CMVMC A Fenteira polo dito gasto ao ser imputable parcialmente a unha instalación de titularidade municipal.

**QUINTO.-** A CMVMC A Fenteira realizou obras de rehabilitación e acondicionamento dun inmovible da súa propiedade en Puga con destino a local social, dando lugar ao que hoxe se coñece como 'Local Social da Picada'. As ditas obras foron financiadas con recursos propios da Comunidade e cunha subvención concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia. O Concello de Toén colaborou a través da concesión dun préstamo asinado con data 13/09/2013



modificado con data 30/12/2013- por razón do interese público que supón a dotación ao núcleo de Puga dun local social para o uso dos/as veciños/as. Ademais o Concello de Toén veu concedendo anualmente unha subvención para cubrir os xuros que devengou o préstamo concedido (que foi cancelado definitivamente con data 04/10/2017). O Concello non dispón na parroquia de Puga dun local debidamente acondicionado para a realización de actividades propias municipais, como actos culturais, reunións cos/as veciños/as, e outros de semellante natureza.

**SEXTO.-** Nas bases de execución (base 24ª, apartado 1) do orzamento do Concello de Toén do exercicio 2026 consta a seguinte subvención nominativa:

<b>CIF</b>	<b>ENTIDADE /FINALIDADE</b>	<b>IMPORTE</b>
V3221521 2	CMVMC A FENTEIRA DE PUGA / Convenio mantemento e funcionamento instalacións de uso veciñal ano 2026	1.200,00 €

Por todo o anterior e co obxecto de acadar o fin proposto, o Concello de Toén e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común A Fenteira de Puga acordan subscribir este convenio de colaboración segundo as seguintes

#### **CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA.-** O obxecto deste convenio é regular as bases de colaboración entre o Concello de Toén e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común A Fenteira de Puga para o financiamento dos gastos de mantemento e funcionamento das instalacións da Antiga Escola de Puga -en concreto dos gastos de subministración eléctrica- e do Local Social da Picada.

**SEGUNDA.-** O Concello comprométese a aboar a cantidade de 1.200,00 €, con destino ao financiamento dos gastos de subministración de enerxía eléctrica ás instalacións da Antiga Escola de Puga e dos gastos de mantemento e funcionamento ordinarios do Local Social da Picada (enerxía eléctrica, calefacción, teléfono, seguros, limpeza, pequenas reparacións e outros de semellante natureza) correspondentes ao exercicio 2026. De conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Toén na sesión de data ....., a cantidade indicada librarase con cargo á aplicación 337.48 do estado de gastos do orzamento do Concello do exercicio 2026, tendo a consideración de subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.1 da Ordenanza reguladora de subvencións deste Concello.

**TERCEIRA.-** A CMVMC A Fenteira Moreiras comprométese a cederlle o uso ao Concello de Toén das instalacións do Local Social da Picada, previa a comunicación do Concello, para a realización de actividades de competencia municipal tales como actos culturais, reunións, conferencias, actividades derivadas de procesos electorais, e outras de semellante natureza.

**CUARTA.-** De acordo co establecido no artigo 75 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e no artigo 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvención do Concello de Toén, a entidade beneficiaria deberá presentar nas oficinas municipais antes do día 15/12/2026 a conta xustificativa que conterá a seguinte documentación:

- ✓ Memoria relativa aos gastos financiados con cargo á subvención concedida, co detalle do seu importe, provedor/a e concepto.
- ✓ Facturas orixinais ou compulsadas xustificativas do investimento da subvención na finalidade para a que foi concedida. Xustificarse o seu pagamento conforme á normativa vixente en materia de pagos, recordándose a prohibición de realización de pagamentos en efectivo por importe superior aos 1.000 € (artigo 7 da Lei 7/2012, do 29 de outubro -modificada pola Lei 11/2021, do 9 de xullo -BOE nº 164, do 10/07/2021-).
- ✓ Declaración subscrita pola persoa beneficiaria ou a súa persoa representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtiveran para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.
- ✓ Acreditación de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social. Presentarse unha declaración responsable na que se faga constar tal circunstancia.
- ✓ Certificación de titularidade de conta bancaria a nome da entidade beneficiaria na que se fará o ingreso da subvención unha vez aprobada, no seu caso, a conta xustificativa.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude da persoa beneficiaria, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización do



*pagos fraccionados deberán de presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos a conta non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto/actividade subvencionado/a. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, o Concello de Toén poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

**QUINTA.-** *A subvención prevista neste convenio é compatible con calquera outra que poida percibir a Asociación polo mesmo concepto, sen prexuízo de que o importe total das subvencións percibidas no poia exceder do custo da actividade subvencionada.*

**SEXTA.-** *En todo o non previsto neste convenio, resultará de aplicación o disposto na normativa vixente en materia de subvencións.*

**SÉTIMA.-** *A duración do convenio fíxase dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.*

**OITAVA.-** *A modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime das partes asinantes.*

**NOVENA.-** *Son causas de resolución:*

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.*
- b) O acordo unánime dos asinantes.*
- c) O incumprimento dos deberes e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.*
- d) Por calquera das causas previstas legalmente.*

**DÉCIMA.-** *Constituirase unha comisión paritaria formada por unha persoa representante de cada entidade asinante, coa finalidade de efectuar o seguimento do grao de cumprimento do convenio e resolver os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir.*

**DÉCIMO PRIMEIRA.-** *Este convenio ten natureza administrativa, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa, para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.*

*E en proba de conformidade, asínase o presente convenio electronicamente e a un só efecto, do que eu como secretaria-interventora dou fe.*

*O alcalde do Concello de Toén*

*O presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común A Fenteira de Puga*

*A secretaria-interventora'*

.....”

**E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde, Ricardo González Gómez, en Toén na data da sinatura electrónica.**

*(Documento asinado electronicamente)*

